



ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE NORMAS DO PROCEDEMENTO PARA A COBERTURA DE PRAZAS VACANTES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2026-2027

ANTECEDENTES.- Con data de 16 de marzo de 2026, pola Xunta de Goberno Local se prestou aprobación ás normas de procedemento e prazos de renovación, admisión e matrícula na Escola Infantil Municipal para o Curso 2026-2027.

Logo do remate do prazo ordinario fixado para a presentación de solicitudes para dito curso, tanto no que respecta á renovación de alumnos/as do curso anterior, como aos alumnos /as de novo ingreso, e visto a existencia de prazas vacantes, é necesario habilitar un procedemento extraordinario de admisión para a cobertura das vacantes existentes ao longo do curso 2026-2027.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Abrir un prazo extraordinario de presentación de solicitudes para a cobertura das prazas vacantes existentes na Escola Infantil Municipal “Pío Pío”, que permanecerá aberto ao longo de todo o curso 2026-2027, ou mentres existan prazas dispoñibles.

As solicitudes poderán presentarse en calquera momento do curso escolar, mediante o modelo normalizado, no Rexistro Xeral do Concello de Begonte ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- A orde de adjudicación das prazas vacantes realizarase atendendo aos seguintes criterios de prioridade:

- 1º.-Menores pertencentes a unidades familiares empadroadas no Concello de Begonte.
- 2º.-Menores cuxo pai, nai ou persoa titora legal desenvolva a súa actividade laboral no municipio de Begonte.
- 3º.-No caso de continuaren existindo prazas vacantes, poderán acceder ao servizo menores procedentes de calquera municipio da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo a orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e de acordo coa dispoñibilidade de prazas por unidade de idade.





TERCEIRO.- As solicitudes deberán cumprir os requisitos de idade establecidos para o acceso á Escola Infantil Municipal e ir acompañadas da documentación acreditativa correspondente, de acordo co establecido nas normas de procedemento e admisión, aprobadas para o curso 2026-2027.

CUARTO.- Procedemento de valoración e resolución das solicitudes.

As solicitudes presentadas ao abeiro do presente prazo extraordinario serán obxecto de revisión e valoración con periodicidade mensual, sempre que existan solicitudes presentadas e prazas vacantes
dispoñibles.

Ao remate de cada mes natural, emitirase o correspondente Decreto de Alcaldía no que se aprobará a relación de solicitudes admitidas, excluídas, así como, de ser o caso, a correspondente lista de agarda, atendendo á orde de prioridade establecida no presente acordo e á dispoñibilidade de prazas existentes por unidade de idade.

No suposto de non existir solicitudes presentadas ou de non dispoñer de prazas vacantes, non será necesaria a emisión do correspondente decreto mensual.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica municipal e demais medios de difusión municipal para xeral coñecemento.

Begonte, na data de sinatura electrónica

O ALCALDE

